



SEGUNDO CADERNO DE ACTIVIDADES PARA A RECUPERACIÓN DA MATERIA DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

3º ESO

Instrucións:

- As actividades deben resolverse en folios en branco cunha escritura clara e un formato axeitado.
- Valorarase a ortografía e a presentación.
- A data límite para presentar os exercicios é o **9 de abril de 2026**.

6ª UD. A ORGANIZACIÓN POLÍTICA DO MUNDO

1. Define os seguintes termos:

a) Estado

b) Estado democrático

c) Ditadura

d) Monarquía

e) República

f) Estado falido

g) Falsa democracia

h) Terrorismo global

i) Dereito de inxerencia

2. Explica a diferenza entre os seguintes termos:

a) Estado laico e Estado teocrático:

b) Monarquía e República:

c) Estado democrático e ditadura:

d) Monarquía constitucional e Monarquía parlamentaria:

e) Estado centralizado e Estado descentralizado:

3. Pensa, que tipo de Estado é España: democracia ou ditadura; monarquía ou república; laico, confesional ou teocrático?

4. Escribe o nome das institucións que se encargan do goberno de cada un destes territorios en España:

- Municipio:
- Provincia:
- Comunidade Autónoma:
- España:

5. Cales son as principais institucións da Unión Europea? Identifícaa e explica as súas funcións principais.

6. Responde de forma breve ás seguintes preguntas:

- a) Cita un exemplo de Estado teocrático:
- b) Cita un exemplo de Estado descentralizado:
- c) Cita un dos obxectivos da ONU:
- d) Cita o nome dos cinco países que teñen dereito a veto na ONU?
- e) Que significan as siglas OMS? De que se encarga esta organización da ONU?:

- f) Cita o nome do tratado, asinado en 1993, polo que a CEE pasou a chamarse Unión Europea (UE):
- g) Cantos países forman parte da Unión Europea actualmente?
- h) Que significan as siglas CECA?
- i) Todos os países que forman parte da Unión Europea pertencen á Zona Euro?
- j) Que nome reciben as forzas armadas da ONU?

7. Elabora un mapa (mediante cores e símbolos) no que se amosen as ampliacións da Unión Europea e os países que forman parte da Zona Euro. Non esquezas engadir unha lenda ao mapa:



8. Completa o seguinte mapa coas Comunidades Autónomas, as Provincias e as capitais de España.



7ª UD. AS ACTIVIDADES ECONÓMICAS E A GLOBALIZACIÓN

9. Define os seguintes termos:

- a) Globalización
- b) Actividade económica
- c) Desenvolvemento sostible
- d) Sindicato
- e) Patronal

10. Explica a diferenza entre os seguintes termos:

- a) Poboación activa e poboación inactiva
- b) Recursos renovables e recursos non renovables

c) Sector primario e sector secundario

11. Elabora un pequeno texto no que expliques como interveñen os distintos axentes económicos (persoas, Estado e empresas) na economía dun país.

12. Que funcións realizan o G-8 e o G-20? Que diferencias hai entre estas dúas organizacións?

13. Como cidadán do mundo en plena era da globalización, escribe un texto (de entre 5 e 10 liñas) no que reflexiones sobre o concepto e as vantaxes e desvantaxes que este fenómeno trae consigo en termos económicos, sociais e culturais. En xeral, cres que a globalización é un proceso positivo ou negativo? Fundamenta a túa resposta con exemplos concretos.

14. Imaxina que es unha/un empresaria/o e estás a punto de abrir o teu negocio. Explora as posibles vantaxes e desvantaxes que poderías atopar nun sistema económico capitalista e nun sistema económico socialista. Baseándote nestas diferencias: cal dos dous sistemas económicos crees que sería máis beneficioso para o teu negocio e por que? Argumenta a túa resposta.

15. Escribe un texto argumentativo (entre 5 e 10 liñas aproximadamente) no que expliques o que é a globalización e se ten algo que ver co aumento dos prezos que está a experimentar actualmente España.

16. Indica se as seguintes afirmacións son verdadeiras (V) ou falsas (F) e no caso de ser falsas, corríxeas.

- a) O coltán é un exemplo de como se poden orixinar conflitos e guerras entre os diferentes países polo desexo de controlar este tipo de recursos limitados.
- b) O traballo pode definirse como o esforzo físico ou intelectual realizado polas persoas para a produción de bens materiais e servizos.

- c) De forma xeral, os traballadores cualificados ou con máis formación adoitan ser menos, polo que acceden a traballos con mellor salario e máis estables. Non obstante, esta situación estase a modificar.
- d) O paro, nos países subdesenvolvidos, increméntase pola automatización do traballo e o traslado da produción a países máis baratos, e nos países desenvolvidos increméntase polo atraso económico e a escasa cualificación dos traballadores, que fai que sexan doados de despedir.
- e) A publicidade pode influír na lei de oferta e demanda.
- f) O Banco Mundial ten como obxectivo asegurar a estabilidade financeira mundial.
- g) España forma parte do G8
- h) O crecente consumo favorece unha explotación racional dos recursos naturais.
- i) Unha das vantaxes da globalización é que favorece a deslocalización das industrias.

17. Elabora unha táboa coas características dos diferentes sistemas políticos:

OS SISTEMAS ECONÓMICOS		
Capitalista	Socialista	Mixto

18. No seguinte mapa, colorear os países desenvolvidos e os países emerxentes (diferenciándoos). Logo, no mesmo mapa, sinala cunha trama os países que forman parte do G-20. Que conclusións extraes?



8ª UD. OS SECTORES PRODUTIVOS

19. Define os seguintes termos:

- a) Sector primario

- b) Deslocalización industrial

- c) Transxénicos

- d) Caladoiros

- e) Unión aduaneira

- f) Turismo sostible

20. Clasifica as seguintes actividades económicas co sector produtivo ao que corresponden. Indica, ademais, a razón principal da túa clasificación.

ACTIVIDADE ECONÓMICA	SECTOR PRODUTIVO (Primario/Secundario/Terciario)	RAZÓN PARA A CLASIFICACIÓN
Gandaría		
Comercio (venta polo miúdo)		
Pesca de baixura		
Fabricación de produtos téxtiles		
Hostalaría (servizos de aloxamento)		
Minaría (extracción de carbón)		

21. Cita tres características que diferencien a agricultura de subsistencia da agricultura de mercado.

22. Explica que é o ecoturismo e como se relaciona co concepto de turismo sostible.

23. Observa o seguinte gráfico de barras no que se amosa a distribución da poboación activa nos tres sectores económicos en España. Unha vez analizado o gráfico, responde as cuestións:



- Describe a evolución de cada un dos sectores dende o ano 1900 ao 2010.
- Nos últimos anos, cal dos tres sectores presenta unha porcentaxe de poboación activa máis alta? Por que esta tendencia (coñecida como “terciarización”) é a estrutura económica típica dos países desenvolvidos?
- Observa a evolución do sector secundario. Que fenómeno económico axuda a explicar a diminución do peso do emprego industrial no noso país nas últimas décadas? Argumenta a túa resposta.

24. A actividade económica é un motor global que xera emprego e riqueza, pero á vez pode provocar efectos negativos como a saturación de espazos e a degradación ambiental e cultural. Tendo isto en conta:

a) Cres que é posible alcanzar un equilibrio real e duradeiro entre os beneficios económicos do turismo e a protección do patrimonio natural e cultural dunha rexión? Xustifica a túa resposta.

b) Propón dous exemplos de medidas que unha administración local (un concello ou unha comunidade autónoma) debería tomar para asegurar que a calidade da experiencia e a sostenibilidade teñen prioridade sobre a cantidade de turistas.

9ª UD. POBOACIÓN E POBOAMENTO

25. Define os seguintes termos:

a) Esperanza de vida:

b) Natalidade:

c) Mortalidade:

d) Crecemento natural ou vexetativo:

e) Emigrante:

f) Inmigrante:


g) Densidade de poboación:

h) Saldo migratorio:

26. Na localidade de Bueu viven 11.978 habitantes no ano 2022. Nese mesmo ano naceron 34 nenos/as e faleceron 48 persoas. Tendo en conta que Bueu ten unha extensión de 30.8 km², **calcula: densidade de poboación, taxa bruta de natalidade, taxa bruta de mortalidade e crecemento vexetativo de Bueu.**

27. Observa o seguinte gráfico e responde as cuestións:

- a) Fíxate na barra dos 0-4 anos, hai máis nenos e nenas ca no grupo de idade de 5-9? De que informa este dato en relación coa natalidade?



- b) Que grupo de idade ten barras máis longas? Os nenos, os adultos ou os “vellicos”? Que significa isto?
- c) Como é a esperanza de vida desta poboación?
- d) Tendo en conta o anterior, que tipo de pirámide estás a ver? Xustifica a túa resposta
- e) Dita pirámide, asóciase cos países desenvoltoos ou en vías de desenvolvemento? Xustifica a túa resposta
- f) Fai unha hipótese: como será a evolución desta poboación nos próximos anos?

28. Explica dous factores que poidan intervir no descenso de cada un destes indicadores demográficos:

a) Natalidade:

b) Envellecemento da poboación:

29. A continuación tes un texto que aborda a temática da inmigración. Le atentamente e logo responde as cuestións.

Adama é un mozo inmigrante mauritano de 32 anos que chegou a Canarias tras unha dura travesía. Educado, intelixente, asegura falar ata 8 idiomas. Chegou a Gran Canaria a bordo dunha patera fai tan só uns días, deshidratado, sen apenas forzas, tras pasar unha semana en alta mar, a maior parte do tempo sen comida nin auga. O sol durante o día e o frío durante a noite, así como a falta de auga e alimentos cuartearon a súa pel ata deixarlle terribles feridas. [...]

“Decidí venir aquí porque tengo una vida muy difícil”, arranca dicindo nun español con acento francés aprendido na súa terra. “No hay trabajo en mi país. Subí a la patera para trabajar y cambiar mi vida”. Adama non deixa de sorrir, mentres toma a súa sinxela cea aos pes da súa cama. [...]

Adama conta que en Mauritania era profesor de francés na Universidade, que estudou tres anos español e seis anos inglés. “Mis sueños son quedarme en España y trabajar. Vivir una nueva vida y cambiar, porque necesito una vida mejor”. A súa mirada pérdese cando enumera ás persoas que deixou atrás, “mi madre y mis hermanos. Una hija”.

Pero tivo claro que tiña que subir á patera. “Era la primera vez que veía un barco”, admite. Conta que foi un amigo o que lle propuxo a idea. Como non tiña cartos para pagar a viaxe, vendeu o seu coche. Só necesitou dúas semanas para decidirse e partir. Pero non estaba preparado para o que viña a continuación.

“El viaje es muy duro”, asegura. Pasou sete días na auga, “tres o cuatro días sin comer ni beber. Sin dormir”. Conta que el levaba comida de sobra, pero eran cincuenta persoas na patera e moitos non tiñan nada. “No puedes mirar a una persona cansada de no comer y no darle nada”. [...] Tampouco podía durmir. Na embarcación había que durmir sentado, sen apoiar as costas en ningún sitio. [...]

Por sorte Adama foi dos poucos que non viron como lle amputaban unha parte do seu corpo ao chegar. Pero confesa que pasou moito medo, “mi amigo quedó en el mar. Está muerto”, explica “y

yo pensé que también iba a morir. En la patera obligas a tu mente a pensar que tú puedes vivir otra vida". Pero non todos o consiguen, "yo he visto morir a muchos, muchos, en el mar".

- a) Que tipo de causa vez na migración de Adama? Política, socioeconómica ou natural? Xustifica a túa resposta
- b) Identifica a migración de Adama segundo a súa duración, o seu destino e o motivo do seu desprazamento
- c) Que consecuencias ten para España a inmigración de persoas como Adama?

30. Elabora un texto no que expliques as características da poboación nos países en desenvolvemento.